

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020362	de Valga	Valga	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CSFME02	Construcións metálicas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0251	Formación e orientación laboral	2022/2023	0	107	0
MP0251_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	0	62	0
MP0251_12	Prevención de riscos laborais	2022/2023	0	45	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARIA YOLANDA CARBIA CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0251_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
(MP0251_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
(MP0251_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
(MP0251_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.
(MP0251_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
(MP0251_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
(MP0251_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.
(MP0251_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en construcións metálicas.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0251_22) CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en construcións metálicas e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
(MP0251_12) CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
(MP0251_22) CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
(MP0251_12) CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
(MP0251_22) CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
(MP0251_12) CA1.3 Apareciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
(MP0251_22) CA1.4 Emplegáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
(MP0251_12) CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
(MP0251_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
(MP0251_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
(MP0251_22) CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
(MP0251_12) CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da fabricación mecánica.
(MP0251_22) CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
(MP0251_22) CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
(MP0251_12) CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en construcións metálicas.

**Critérios de avaliación do currículo**

(MP0251\_22) CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

(MP0251\_12) CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

(MP0251\_22) CA2.3 Identifícaronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.

(MP0251\_12) CA2.3 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en construcións metálicas.

(MP0251\_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícaronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

(MP0251\_12) CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en construcións metálicas.

(MP0251\_22) CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

(MP0251\_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en construcións metálicas.

(MP0251\_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

(MP0251\_22) CA2.10 Identifícaronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

(MP0251\_22) CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

(MP0251\_22) CA2.12 Identifícaronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

(MP0251\_22) CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

(MP0251\_12) CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.

(MP0251\_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.

(MP0251\_12) CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

(MP0251\_22) CA3.3 Identifícaronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

(MP0251\_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

(MP0251\_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

(MP0251\_12) CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

(MP0251\_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

(MP0251\_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

(MP0251\_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.

(MP0251\_12) CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

(MP0251\_22) CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.

(MP0251\_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

(MP0251\_22) CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
(MP0251_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
(MP0251_22) CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
(MP0251_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en construcións metálicas.
(MP0251_22) CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
(MP0251_22) CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en construcións metálicas.
(MP0251_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
(MP0251_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
(MP0251_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
(MP0251_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
(MP0251_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.
(MP0251_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
(MP0251_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en construcións metálicas.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
(MP0251_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
(MP0251_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
(MP0251_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
(MP0251_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
(MP0251_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
(MP0251_12) CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en construcións metálicas.
(MP0251_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
(MP0251_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
(MP0251_12) CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.

**Cráterios de avaliación do currículo**

(MP0251\_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

- Identificáronse as diversas fontes do Dereito Laboral para podelas consultar en caso de necesidade.
- Recoñeceráronse os dereitos e deberes dos traballadores, así como os deberes e potestades dos empresarios.
- Identificáronse os elementos que caracterizan un contrato de traballo e sabelo aplicar de forma igualitaria e non discriminatoria.
- Distinguíronse as principais modalidades de contratación laboral.
- Identificáronse os límites establecidos na normativa respecto a xornada de traballo.
- Diferenciáronse os tipos de descansos laborais.
- Distinguíronse os diferentes conceptos que integran a retribución económica do traballo.
- Identificouse o concepto e contía do salario mínimo.
- Calculouse a liquidación de unha nómina sinxela.
- Identificáronse as garantías do salario.
- Diferenciouse a representación unitaria da representación sindical.
- Identificouse a forma de elección e as garantías dos representantes dos traballadores.
- Diferenciáronse as funcións dos sindicatos e das asociacións de empresarios.
- Descríbóronse as partes dun convenio colectivo e o contido mínimo.
- Delimitáronse os medios de presión dos traballadores e empresarios nun conflito colectivo.
- Identificáronse as condicións da modificación do contrato de traballo e as opcións dos traballadores.
- Identificáronse as causas e os efectos da suspensión do contrato de traballo- Identificar as causas e os efectos da extinción do contrato de traballo.
- Calculouse a liquidación de haberes que corresponde como consecuencia da extinción do contrato de traballo.
- Diferenciáronse os diferentes réximes da Seguranza Social para coñecer as súas características.
- Distinguíronse as diferentes obrigacións de empresarios e traballadores respecto da Seguranza Social para o cumprimento adecuado da normativavixente.
- Identificáronse as bases de cotización e as cotas obreiras e empresariais co fin de liquidar os seguros sociais.
- Identificáronse as diversas continxencias que cobre o sistema da Seguranza Social para poder acollernos a elas e recibir as prestaciónscorrespondentes.
- Determináronse as prestacións correspondentes ás diferentes continxencias protexidas pola Seguranza Social pa-ra poder acollernos cando se teña dereito a elas.
- Recoñeceráronse as posibles situacións legais de desemprego para poder ter dereito á prestación ou subsidio.
- Determinouse a duración e a contía da prestación por desemprego a fin de poder aplicalas a casos concretos.
- Identificáronse os elementos fundamentais do funcionamento dun grupo de traballo, así como a tipoloxía e as funcións dos seus compoñentes, cofin de ter un criterio para valorar as vantaxes do traballo en equipo.
- Coñeceráronse as formas de traballar en equipo, as dinámicas grupais e as fases de desenvolvemento dun equipo de traballo para poder inserirsenu equipo de traballo.
- Descríbóronse as diferentes opcións de resolución de conflitos que permitan adoptar as medidas correctoras ade-cuadas a cada caso.
- Analizouse a importancia do feedback, a escoita activa e a asertividade co fin de aplicar técnicas de comunicación grupal.

- Coñecéronse as tácticas, as pautas e as fases da negociación co fin de interaccionar coas partes que tratan de resolver un conflito.
- Coñecéronse os principais conceptos básicos establecidos na LPRL.
- Coñecéronse os dereitos e os deberes dos traballadores e materia de PRL.
- Identificáronse os principais factores de risco laboral.
- Coñecéronse os danos derivados do traballo
- Coñeceuse como avaliar os riscos derivados do sector de actividade relacionado co título.
- Coñecéronse as técnicas e medidas de prevención e protección especialmente EPI e sinalización
- Coñecéronse as modalidades de organización da prevención na empresa.
- Coñecéronse os organismos de representación e participación dos traballadores en materia de PRL.
- Identificáronse as fases de elaboración dun plan de emerxencia e evacuación.
- Identificáronse os itinerarios formativos relacionados co título.
- Coñeceuse o proceso de procura de emprego tanto como traballador por conta propia ou allea.

\*A proba terá dúas partes:

-Primeira parte. Consistirá nunha proba escrita que será cualificada de cero a dez puntos e terá carácter eliminatorio. Para a súa superación haberá que obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

-Segunda parte. Será cualificada de cero a 10 puntos. Para a súa superación haberá que obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. A cualificación final será a media das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

No caso de suspender a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Exame tipo test, con unha batería de 50 preguntas e 4 opcións en cada unha delas. Versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As respostas erróneas restarán (tres erros restan por cada acerto) Só é necesario levar lapis ou bolígrafo.

LIBROS DE TEXTO RECOMENDADOS:

Formación y Orientación Laboral : Editorial Tu Libro de FP. ISBN: 9788416812028.

Formación y Orientación laboral: Editorial Editex. ISBN: 9788490785867.

Formación y Orientación Laboral: Editorial McMillan. ISBN: 9788416092413.

Formación y Orientación Laboral: Editorial EDEBÉ. ISBN: 9788468321165.

Formación y orientación Laboral: Editorial McGraw-Hill. ISBN: 8448191595.

WEB para consultar a lexislación vixente:

<https://www.boe.es/legislacion/codigos/codigo.php?id=93&modo=1&nota=0&tab=2>

##### 4.b) Segunda parte da proba

Consistirá en cinco supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Para a realización desta proba recoméndase o alumnado vir provisto de calculadora non programábel, que realice as funcións matemáticas básicas (sumas, restas, multiplicacións, divisións, potencias e raíces), pois algún ou todos os supostos precisarán de cálculos numéricos (non se permitirá o uso de teléfonos móbiles).

LIBROS DE TEXTO RECOMENDADOS:

Formación y Orientación Laboral : Editorial Tu Libro de FP. ISBN: 9788416812028.

Formación y Orientación laboral: Editorial Editex. ISBN: 9788490785867.

Formación y Orientación Laboral: Editorial McMillan. ISBN: 9788416092413.

Formación y Orientación Laboral: Editorial EDEBÉ. ISBN: 9788468321165.

Formación y orientación Laboral: Editorial McGraw-Hill. ISBN: 8448191595.

WEB para consultar lexislación vixente:

<https://www.boe.es/legislacion/codigos/codigo.php?id=93&modo=1&nota=0&tab=2>